



SAN RIÁN SCG. BRIÓN (A CORUÑA)



Daniel (esquerda) e Ramón

A historia dunha evolución xenética meteórica

Achegámonos a San Rián Holstein, a gandería número 1 de Galicia por ICO e a segunda de España, con 3.033 puntos. Recíbennos dous dos seus socios, Daniel e Ramón, que nos explican cales foron as súas estratexias para mellorar o nivel xenético do rabaño ata situarse no máis alto do *ranking*.

Localización: Cristimil, Luaña (Brión)

Socios e traballadores:

Daniel Vidal Glez., Mercedes Glez. Lobagueira,
José Ramón Cun Santos e María José Glez. Catoso
N.º total de animais: 150

Vacas en muxidura: 65

Media de produción: 11.942 kg/vaca/ano
(datos Control Leiteiro; ano 2018)

Porcentaxe de graxa: 3,33 %

Porcentaxe de proteína: 3,34 %

RCS: 150.000-200.000 cél./ml

IPP: 442 días

Taxa de fertilidade: 45 %

Taxa de preñez: 33 %

Inseminacións/preñez xovencas: 1,7

Inseminacións/preñez vacas: 2,6

ICO: 3.033 puntos

Cualificación morfolóxica: 85,42 puntos

Superficie agrícola: 50 ha

Venda do leite: Nestlé

Prezo base do leite: 0,312 €/kg

(cun mínimo de 3,7 % de graxa e 3,2 % de proteína)

San Rián SCG, máis coñecida como San Rián Holstein, nace no ano 2005 produto da fusión das ganderías Sancho e Rianxeiro, das que toma o seu nome. Actualmente intégrana catro socios, os matrimonios formados por Daniel e Merchi e por Ramón e María José.

Conta Daniel que cando empezaron non estaban nin en Control Leiteiro e que os animais eran “bastante frouxiños”, por iso, desde o comezo optaron por concentrar os esforzos en mellorar o nivel xenético da explotación. “Unha vez que nos xuntamos tiñamos claro que o primeiro que había que facer era mellorar o

que tiñamos, porque sabíamos que esas vacas non tiñan potencial nin de produción nin de tipo para facer un bo rabaño”, manifesta.

A orixe deste vertixinoso progreso está na compra de embrións. “Os primeiros viñeron de Casa Caneda, en Boqueixón. Sempre me gusta dicilo, xa que foi aí onde empezou todo; os embrións da Naomi, unha vaca moi famosa aquí en Galicia, que deixa unhas fillas espectaculares, unhas familias moi boas. Despois compramos noutras granxas de aquí e tamén do estranxeiro, de Holanda, de Alemaña, dos Estados Unidos..., e o seguinte paso xa foi traballar con eses animais que foron nacendo”, explica Daniel.

Na actualidade compran exemplares en poxas do estranxeiro de maneira puntual. En ocasións acoden in situ ao evento e noutras fan a operación por Internet. “Sempre está un atento a incorporar animais que melloren o que hai”, manifesta.



Interior do establo de produción

► A COMPRA DE EMBRIÓNS ESTÁ NA ORIXE DO VERTIXINOSO PROGRESO XENÉTICO DA GANDERÍA

DATOS PRODUCTIVOS

A Memoria 2018 de Africor Coruña recolle unha produción normalizada a 305 días de 11.942 kg/vaca/ano, cunhas porcentaxes do 3,33 % de graxa e do 3,34 % de proteína. O día da nosa visita puntualizaban que a taxa de materia graxa actual ascende ao 3,70 % e a de proteína, ao 3,50 %, segundo as analíticas do Ligal. En canto ás fluctuacións estacionais, din que hai épocas nas que o volume cae un pouco debido á acumulación de días en leite, movéndose nun intervalo durante o ano entre 35 e 40 litros.

O que apenas notan as frisonas de San Rián é a calor, a excepción dalgún día puntual que poida darse no verán. Para combatela teñen instalados ventiladores enriba dos comedeiros e aspersores de auga para refrescar o teito.

ALIMENTACIÓN

O día que fixemos a reportaxe, o lote de produción estaba inxerindo unha mestura *unifeed* integrada por 28 kg de silo de millo, 8 de silo de herba, 13 de bagazo de cervexa e 8,2 de concentrado. Esta ración non é sempre igual, pois o silo de herba non lles chega para todo o ano e vense na obriga de substituílo por alfalfa ou por palla en determinados períodos. “Para o potencial dos animais que temos a ración non é tope, pero ao facer só dous muxidos preferimos non apuralos, porque aquí chegamos á mañá e hai vacas que xa teñen o leite na cama. Cun terceiro muxido si se podería facer unha ración cun pouco máis de enerxía”, comenta un dos socios.

Para as secas e as xovencas cunha preñez avanzada preparan outra ración que leva 15 kg de silo de herba, 3 de palla, 2 de concentrado e 3 de silo de millo. ►►



Schäffer
Alta Calidad Alemana Asegurada!



* FINANCIACIÓN 0% – 24 MESES



Westermann
Reinigungstechnik
Patentado en Alemania.

El auténtico
arrimado en
espiral, no
compre
imitaciones



*consulte condiciones en su concesionario

Distribución Portugal:
ZjCarrageta Lda – Évora. www.zjcagriparts.pt
Agrovergeira – Pombal. www.agrovergeira.pt

Distribución España:
Formada por
25 puntos de servicio

Avda. Galicia, 109 • 33770 Vegadeo (Asturias) • Tel./Fax: (+34) 985 634 238

Comercial: info@fondrigomaquinaria.com
Recambios-Asistencia: servicio@fondrigomaquinaria.com

www.fondrigomaquinaria.com



Teteiras para o muxido en praza fixa

O servizo de carro mesturador préstallelo a CUMA Os de Rois, entregada por gandeiros dos concellos de Rois, Lousame e Brión. A ración das vacas de leite elabóranas a diario, mentres que a de secas e xovenas llela distribúen cada segundo día.

Especial fincapé fan no manexo alimentario da recría. “Se a unha xovenca a podes inseminar con 13 ou 14 meses e che pare con 23, estás gañando produción, e se aínda por riba o fas cuns bos tamaños e unhas boas capacidades, as primeiras lactacións xa van ser moi boas”, reflexiona Daniel.

Na fase lactante empregan leite de femias da explotación. Empezárono a facer por motivos económicos, debido a que a industria á que llo venden lles limitaba a produción e o que entregaban por riba dun determinado volume pagáballelo a un prezo inferior, polo que lles compensaba usalo para a recría e non gastar en leites maternizados. Hoxe en día non teñen ese problema, pero notaron que as xatas tiñan un mellor desenvolvemento alimentándoas con leite natural e decidiron seguir con este sistema.

Desde os primeiros días teñen acceso a auga e a penso de iniciación. A desteta fánllela a ollo, cando ven que están o suficientemente desenvolvidas para pasar a outro tipo de alimentación. Unha vez que lles sacan o leite, subministranlles penso a discreción e palla ata os catro meses, época na que lles empezan a dar da mestura de produción. Así continúan ata os doce meses, que pasan a comer da ración de secas suplementada con máis silo de millo para, unha vez avanzada a xestación, quedar só coa mestura de secas.



Primeiro lote comunitario despois da desteta



Lote de secas e xovenas preñadas

▶ A PRINCIPAL VANTAXE DA PRAZA FIXA É QUE A VACA ESTÁ VISUALMENTE MOI ACCESIBLE, POLO QUE O TEMPO DE ACTUACIÓN CANDO XORDE UN CONTRATEMPO SE MINIMIZA

INSTALACIÓNS E MANEXO

Investir en novas instalacións non foi unha prioridade ao longo destes anos, pero quizais agora si que lles chegou o momento de dar un paso adiante, pois son conscientes de que para poder ampliar o número de animais é necesaria a construción dunha nova nave e a automatización dalgúns procesos.

Cando se fusionaron decidiron utilizar o establo da entón gandería Sancho –da que proceden Ramón e María José–, que acababan de reformar. Unha das súas características máis salientables é o sistema de estabulación canadense, pois daquela era o máis estendido pola zona e tamén o máis económico.

Os propietarios de San Rián sosteñen que a vantaxe principal da praza fixa é que a vaca está visualmente moi accesible, polo que o tempo de actuación cando xorde un contratempo se minimiza. En contrapartida, recoñecen a existencia de varios hándicaps. A dificultade máis grande está no muxido, que teñen que facer na propia praza, o que lles implica ter que agacharse, e logo está a limpeza das parrillas, que é totalmente manual. Con todo, afirman que o muxido é rápido, pero que o teñen que facer sempre entre dúas persoas, xa que, ao haber dúas liñas de camas, sería moi complicado atender ambos os lados á vez. ▶▶



Establo da recría, ao que empezaron a trasladar os animais a comezos de ano



Danlle moita importancia ao manexo hixiénico

Outro aspecto ao que lle dan moita importancia é o manexo hixiénico do rabaño; de feito, Daniel insiste en que ás vacas lles lavan os tetos antes do muxido “porque o hai que facer”, pero que a maior parte das veces non sería necesario.

Non teñen servizo de Calidade do Leite. Neste sentido argumentan que, ao ter pouco volume de animais e un manexo tan individualizado, conseguen ter as mamitas baixo control. Porén, de momento móstranse un tanto reticentes a dar o paso cara ao secado selectivo, pois pensan que “problemas puntuais sempre hai” e botar man da terapia antibiótica é “curarte un pouco en saúde”.

O que non fan en San Rián é vacinar para absolutamente ningunha enfermidade. “Nunca o fixemos e non temos problemas. Aquí apenas hai baixas neonatais e case todas as que hai se producen no parto. No transcurso do ano pode haber unha baixa ou dúas, pero igual máis por despiste que porque non se puideran atallar”, asegura Daniel.

Para aloxar a recría despois da desteta teñen alugada unha nave no concello limítrofe de Rois, na que permanecen ata uns catro ou cinco meses antes do parto. Despois volven para Cristimil, onde se xuntan coas secas nunha finca na que teñen instalado un comedero exterior e unha nave de tipo invernadoiro con

► XESTIONAN UNHA BASE TERRITORIAL DE 50 HECTÁREAS DIVIDIDAS NUN NÚMERO MOI ELEVADO DE PARCELAS

cama quente de palla. Despois do parto incorpóranse ao lote de produción e nel permanecen ata o secado, a non ser que decidan vendelas durante a lactación.

SUPERFICIE AGRÍCOLA

Nesta gandería coruñesa xestionan unha base territorial de 50 hectáreas –a maior parte en arrendo– divididas nun número moi elevado de parcelas. Isto supónlles máis complicacións á hora de traballalas e un gasto económico superior derivado das horas que as máquinas pasan nas estradas.

O cultivo principal é o millo, que sementan nunhas 35 ha e cuxos rendementos poden alcanzar as 50 toneladas cando as condicións meteorolóxicas acompañan. “Non adoitamos usar ciclos moi longos, a maioría son 300, aínda que curiosamente este ano o tempo nos permitiu sementar un pouquiño máis cedo e empregamos un ciclo 400 nunha parte do terreo”, conta Daniel.

En case todas as fincas fan rotación con raigrás, cultivo ao que

dedican entre 20 e 25 hectáreas. O seu obxectivo é maximizar a calidade nutricional do silo, por iso, a principios de ano non se fixan un número de cortes determinado: “Se o clima nos permite facer dous, pois faremos dous, intentando que os dous sexan de calidade; se non nolo permite, faremos un só”, mantén. Nunha pequena parte teñen pradeira plurianual, na que unicamente sementan millo o ano que lles toca renovala.

Para acceder ao pago verde da PAC experimentaron co cultivo de vezas e cereais, pero os rendementos non foron os esperados e agora optan por deixar as terras a barbeito.

Teñen claro que calquera ampliación do rabaño ten que ir asociada a un crecemento da base territorial, aínda que consideran que coa superficie que teñen agora poderían dobrar sen dificultades.

Do laboreo das terras e demais traballos agrícolas encárganse eles, excepto da sementeira do millo e das campañas de ensilado, que lle contratan a unha empresa de servizos. ►►



Dedican unhas 35 hectáreas ao cultivo de millo



Fronte do silo de millo



Bagazo de cervexa

APOSTA POLAS NOVAS TÉCNICAS REPRODUTIVAS

Xenotipan o cen por cen das femias e parte dos machos que nacen na explotación. No caso das femias fano para saber se teñen potencial produtivo suficiente para ser inseminadas con semente sexado e, en caso de telo, poder facer un bo acoplamento. Se non o teñen, nun futuro esas xovencas utilizaranse como receptoras de embrións. No caso dos machos fan unha preselección e xenotipan só os que consideran que teñen opcións para entrar nalgún centro, como foi o caso do coñecido touro San-Rián Melendi Doorman, comercializado por Xenética Fontao. O resto adoita ir para outras granxas para a monta natural.

Unha vez que as xovencas paren e deixan unha cría na explotación é cando deciden se ese animal continúa no establo ou se vende, nunca antes. Como por agora non teñen capacidade para medrar máis e intentan aproveitar toda a recría, o que fan é vender entre dez e vinte femias en produción cada ano. Para tal fin acoden regularmente ás poxas

► NO ÚLTIMO ANO FIXERON PRETO DE VINTE *FLUSHINGS*, ALGÚNS PARA CUBRIR AS NECESIDADES DA GRANXA E OUTROS DIRECTAMENTE PARA VENDER

de Mazaricos e Santa Comba e algunha vez tamén á de Curtis, aínda que moitas veces lles venden directamente a outras explotacións.

Tal como adiantaba Daniel, ás xovencas practícanlles a primeira IA entre os 13 e os 14 meses, sempre o antes posible tendo en conta o seu tamaño, e a media de inseminacións por preñez é de 1,7 (incluíndo o implante de embrións).

Outro aspecto destacable da xestión reprodutiva é a aposta pola sincronización de celos: "Aínda que nós inseminamos aquí, a veterinaria de reprodución marca unhas pautas e o día que vén insemina todas esas vacas preparadas, pero facémolo máis por comodidade que realmente porque teñamos problemas de detección de celos", expresa. O intervalo parto-primeira inseminación é de 90 días.

Como avanzabamos ao comezo, o trasplante de embrións –e agora tamén a fecundación in vitro– foi e segue sendo clave na mellora xenética

ca do rabaño, ademais de que a súa comercialización lles supón unha vía de ingresos alternativa á principal, a venda de leite.

No último ano fixeron preto de vinte *flushings*, algúns para cubrir as necesidades da granxa e outros directamente para vender. Neste caso fanos sempre baixo demanda do comprador, é dicir, eles ofertan o animal cos seus correspondentes índices e cualificación e, unha vez que o gandeiro se interesa, é cando empezan a traballar con el. Así, aínda que logo a femia non responda e non produza, de antemán saben que teñen a venda practicamente asegurada.

A maior parte das doantes son xovencas, xa que consideran que van un paso por diante en mellora xenética; en casos puntuais tamén fan *flushings* en vacas que conservan uns índices elevados ou unha boa cualificación e que poden resultar morfoloxicamente atractivas para algún gandeiro. ►►



San-Rián Venecia Apprentice Roja, irmá completa do touro xenómico de Fontao San-Rián Valero Apprer Rojo ET



As camas son de serraduras con carbonato, que renovan unha vez á semana

► EN XERAL DECÁNTANSE POR TOUROS BALANCEADOS, SEN DESCOIDAR TIPO, UBRES E PATAS, POR SER O QUE MÁIS INFLÚE NOS ÍNDICES E NA CUALIFICACIÓN

NA BUSCA DE ANIMAIS SEN DEFECTOS

A rapidez e a eficacia son as características que mellor definen a evolución xenética desta gandería, pois dun ICO que apenas superaba os 1.000 puntos en 2005 pasaron a un de 3.033 en xuño deste ano, cifra que a converte na mellor explotación de Galicia por índice combinado e na segunda mellor de España –a primeira na categoría de 75 a 200 reprodutoras por terceira vez consecutiva–.

“Nós non buscamos ser o número 1, senón facer bos acoplamentos, cubrir as necesidades de cada vaca e corrixirlles os defectos; se incides niso acabas conseguindo bos índices, porque traballas para iso. O de ser número 1 veu a maiores, de regalo”, afirma Daniel.

Ao longo destes anos foron variando os parámetros na selección dos touros. Primeiro centráronse en mellorar o aspecto xeral da vaca, a súa morfoloxía: “Buscábamos vacas

con bo tipo, boas patas e bos ubres, xa que partiamos de animais cunha conformación frouxiña. Unha vez que os empezas a conseguir, buscas produción, buscas calidades e buscas lonxevidade”, explica.

Na actualidade empregan touros xenómicos ao cen por cen, pois pensan que para manterse aí arriba e seguir mellorando o máis rápido posible, os xenómicos van un paso por diante dos probados. “Sempre hai algún que chegado o momento se cae, pero asumimos eses riscos”, asegura un dos socios.

En xeral decántanse por touros balanceados, sen descoidar tipo, ubres e patas, por ser o que máis inflúe nos índices e na cualificación. Non obstante, estes gandeiros pensan que co nivel xenético que hai hoxe en día é moi difícil desfacer o que xa está feito, é dicir, “é moito mellor incidir en temas de produción, de saúde e de ubres, xa que, en canto a tipo, unha vez que che-

gas a un punto, é complicado sacar vacas malas”, reflexiona Daniel. A súa media de cualificación actual é de 85,42 puntos.

O QUE ESTÁ POR VIR

O futuro de San Rián Holstein pasa por medrar e seguir evolucionando, aproveitando os adiantos que se van orixinando no sector. Así nolo conta Daniel: “Primeiro hai que dimensionar isto, que é o que o mercado demanda se queres sobrevivir, e logo modernizarnos, no sentido de eliminar moitos traballos que facemos manualmente, sobre todo en tema de limpeza e muxido”.

Entre os seus propósitos está tamén o de seguir incrementando a vía de ingresos por venda de xenética, se ben hoxe en día xa garanten a recuperación de todo o que invisten en tratamentos etc.

A clave está en manter o nivel que acadaron ao longo destes anos, pero con toda probabilidade o seu bo facer e a súa sensatez á hora de fixar obxectivos seguiranos guiando polo camiño acertado. “O único reto que hai é continuar, corrixir os defectos que teñan os animais na xeración vindeira e, se corrixíndoos imos ter uns índices altos que nos van seguir poñendo aí arriba, ben; se non, continuaremos intentándoo para a seguinte xeración”, conclúe. ■